

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN OBRADOIRO DE TANGO

24, 25 e 26 de abril de 2020

Nome:.....

Instrumento:.....

Idade:..... Curso:.....

DNI:

Centro de estudos:

.....

Teléfono de contacto:

.....

Enderezo electrónico:

.....@.....

Entregar na secretaría do centro
xunto co xustificante de pagamento
ou no enderezo electrónico:
cmus.santiago@edu.xunta.gal

DATA LÍMITE: 20 de abril

ORGANIZA

Orquestra Xuvenil
Departamento de Conxunto
Conservatorio Profesional de Música de
Santiago de Compostela

REQUISITOS

Terán preferencia para participar neste
obradoiro os alumnos da orquestra
xuvenil de corda.

Abriránse 15 prazas adicionais para
alumnos que toquen calquera
instrumento de corda a partires de 3º de
G. E. ata completar un máximo de 50
prazas.

Os alumnos que non pertenzan á
orquestra de corda e que teñan que ser
rexeitados por motivos de espazo,
recibirán a devolución íntegra do
importe da matrícula no caso de non
ser admitidos.


OBRADOIRO DE TANGO PARA ORQUESTRA DE CORDA

Música Popular Arxentina



24, 25 e 26 de abril de 2020

Alicia Alonso e Guillermo Copello



Profesorado:

Alicia Alonso

e

Guillermo Copello

www.alonsocopello.com

Alicia e Guillermo coñécense en Bos Aires, Argentina, en 2013 desenvolvendo a súa carreira co tango e a música popular formando parte de diferentes proxectos e compaxinando a súa actividade artística coa ensinanza. No 2014 forman un dúo de violíns co obxectivo de explorar e desenvolver os recursos dos instrumentos de corda dentro da música popular e co desafío de adaptar a esta formación gran variedade de xéneros como o tango, o chamamé, a chacarera, a zamba, o forró, o choro e composicións propias. Cunha impronta fortemente rítmica a proposta do dúo adéntranos no universo dos ritmos populares latinoamericanos cunha orixinal perspectiva e con influencias da música clásica, española, o flamenco e o jazz.

Tocaron en escenarios de Arxentina, España, Italia, Eslovenia, Rep. Checa, Austria, Alemania, Dinamarca, Holanda e Francia, participando en festivais de músicas do mundo e música de cámara en colaboración con diferentes ensambles e artistas de música clásica e popular. No 2017 graban o seu primeiro traballo discográfico: Música Popular. Paralelamente deciden unir e compartir os seus coñecementos e entusiasmo no ensino con obradorios de interpretación e conxuntos para instrumentistas de corda: violín, viola, violoncello e contrabaixo, en todos os niveis tanto para pequenas agrupacións como para orquestras infanto-xuvenil e orquestras de corda en Conservatorios de música e institucións de España, Alemania e Arxentina.

Este obradoiro propón un aprendizaxe a través do encontro entre músicos abordando os diferentes elementos técnicos e interpretativos directamente sobre a execución das diversas músicas e incentivando a búsqueda dunha lingua propia. O alumnado traballará 3 pezas arranxadas especialmente para a orquestra xuvenil de corda e aprenderán novas técnicas de arco empregadas na música popular arxentina. Tamén coñecerán un repertorio ata agora descoñecido para eles que enriquecerá o seu vocabulario musical e artístico.

OBRADOIRO DE TANGO

PROFESORADO: Alicia Alonso e Guillermo Copello

HORARIOS e CUSTO do OBRADOIRO:

VENRES 24: de 16 a 19:30

SABADO 25: De 10 a 13:00

DOMINGO 26: DE 10 A 12

13:00 CONCERTO FINAL NO AUDITORIO DO CONSERVATORIO AO QUE ESTÁN INVITADAS TÓDALAS FAMILIAS.

COMO INSCRIBIRSE:

Custo da inscrición : 25 EUROS alumnos activos

CUBRIR O BOLETÍN DE INSCRICIÓN

REALIZAR O PAGAMENTO NA CONTA:

ABANCA 2080 0348 30 3040011278

(FACER CONSTAR O NOME COMPLETO DO ALUMNO)

ENTREGAR O BOLETÍN E O XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO NA SECRETARÍA DO CENTRO OU POR CORREO ELECTRÓNICO NO ENDEREZO:

CMUS.SANTIAGO@EDU.XUNTA.GAL

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN: LUNS 20 DE ABRIL DE 2020

CONSULTAR CO PROFESORADO DO DPTO DE CONXUNTO TRAS ESA DATA.

